

**PROXECTO LINGÜÍSTICO**  
**CEIP de Viñagrande-Deiro**  
**2019- 2023**

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 12/11/2019

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 12/11/2019

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

## ÍNDICE

---

---

1. Introducción.....	1
2. Contexto sociolingüístico.....	2
3. Liñas de actuación para o fomento da lingua galega.....	2
4. Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega.....	3
5. Decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de Educación Infantil e Educación Primaria.....	4
5.1. Educación Infantil.....	4
5.2. Educación Primaria.....	4
6. Exencións.....	5
6.1. Procedementos de solicitude.....	5
6.2. Materiais e recursos específicos.....	6
6.3. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.....	7
6.3.1. Alumnado procedente doutros contornos culturais.....	7
6.3.2. Alumnado CON e SEN idioma común.....	8
6.3.3. Programa de estimulación da linguaxe oral (PELO) en Educación Infantil.....	10
7. Procedementos que aseguran que o alumnado acada a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.....	11
8. Equipo de dinamización de lingua galega.....	13
8.1. Composición.....	13
8.2. Funcións.....	13
9. Programas e actividades para o fomento da lingua galega.....	14
10. Programas específicos de atención ao alumnado (con NEAE).....	15
11. Avaliación.....	16

# 1. INTRODUCCIÓN

---

Como ben se reflicte no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade.

O *Estatuto de Autonomía de Galicia*, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

Un elemento capital do proxecto educativo que o centro leva a cabo garda relación directa co obxectivo básico que consiste en formar alumnado competente no maior número posible de linguas e tamén vai asociado ao compromiso asumido na promoción da lingua galega, que precisa de espazos de uso habitualmente reservados en exclusiva ao castelán.

A formación en linguas e a competencia lingüística inscríbense nese futuro cheo de esixencias e desafíos que se debuxa no mundo globalizado no que xa vivimos. Aínda que non poidamos delinearlo con claridade, sabemos con certeza que os nosos alumnos e alumnas, os homes e mulleres de mañá, van precisar de ferramentas válidas para a comunicación directa con falantes doutros idiomas, nomeadamente o inglés, aínda que non unicamente.

O crecemento e a influencia das redes sociais e en xeral das comunicacións a través de internet xa están a facilitar o contacto entre cidadáns de lugares moi distantes. O acceso á información en diferentes soportes e linguas tamén ten que servir de estímulo para aprendizaxe das linguas, incorporadas ao día a día da escola como ingrediente fundamental.

A lingua ten tamén unha dimensión cultural que non podemos nin queremos desbotar. O idioma non é só vehículo de comunicación, senón produto histórico dunha comunidade e elemento compartido, mostra viva da riqueza da nosa cultura. A escola ten que contribuír á súa conservación, difusión e uso.

O proxecto lingüístico define todo este ámbito de actuación e contén as linguas nas que se imparten as diferentes materias da etapa, as medidas que se contemplan para o alumnado que teña dificultade nalgunha desas linguas e, por último, os obxectivos e liñas básicas de actuación na promoción da lingua galega.

Susténtase o proxecto, polo tanto, en dous principios fundamentais: o do plurilingüismo como base formativa imprescindible para o alumnado do actual mundo globalizado e o da

promoción do uso da lingua galega en todos os contextos e situacións, así como o da súa valoración social e cultural.

A elaboración do novo proxecto lingüístico realizouse en base ao *Decreto 79/2010, do 20 de maio*, sendo redactado polo equipo directivo e o equipo de dinamización da lingua galega do centro.

## 2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

---

O CEIP de Viñagrande-Deiro está situado nunha zona rural-mariñeira, na parroquia de San Miguel de Deiro, no concello de Vilanova de Arousa. A poboación correspóndese na súa meirande parte coa clase media-baixa, e a maioría dos seus habitantes viven da agricultura, do marisqueo e do comercio. Predomina a poboación cun nivel de estudos primarios. O CEIP de Viñagrande- Deiro é unha escola de titularidade pública que consta dunha liña educativa e imparte ensinanzas de Educación Infantil e Educación Primaria.

Lingüísticamente trátase dunha zona cunha tendencia clara de predominio do castelán. Hai familias galego falantes que na comunicación directa e diaria cos seus fillos ou fillas utilizan o castelán. Tamén atopamos familias que teñen como lingua materna o galego, usándoo a diario con todos os membros da unidade familiar e, sen embargo, obsérvase que na escola, este alumnado cambia a súa lingua a favor do castelán na relación cos seus iguais e, incluso, dentro da aula. Parte do alumnado procede das parroquias do entorno do centro educativo, empregando para o desprazamento coches familiares ou transporte escolar.

Por último, cabe facer especial mención ao profundo proceso de cambio que está a ter lugar no centro educativo, tanto a nivel organizativo como metodolóxico. Dito cambio motivou un aumento da ratio, tendo alumnado matriculado procedente doutros concellos (A Illa de Arousa, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Bamio, Pontevedra...), aspecto que tamén inflúe na lingua predominante na escola.

## 3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

---

As liñas de actuación que rexerán os obxectivos a establecer serán:

a. Que o alumnado aumente a competencia e uso habitual do galego, tamén en contextos informais.

b. Que o alumnado acade unha axeitada competencia nas dúas linguas oficiais ao remate da etapa de Educación Primaria.

c. Que o alumnado galego falante non perda a oralidade na súa lingua por mor da situación lingüística do centro e da súa contorna.

Valoramos que é responsabilidade do centro levar a cabo unha función normalizadora dentro do centro escolar, polo que os mestres e mestras empregaremos o galego con carácter xeral na relación co noso alumnado. Desta maneira pretendemos fomentar o uso do galego, tanto a nivel oral coma escrito. En todos os documentos oficiais, comunicados, anuncios e/ou información ás familias empregaremos a lingua galega.

#### 4. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

---

Os obxectivos xerais que marca o proxecto educativo neste ámbito son os seguintes:

- Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- Valorar a lingua galega como parte do noso patrimonio cultural. Coñecer, valorar e divulgar diferentes aspectos do noso patrimonio cultural.
- Favorecer de forma paralela o uso das dúas linguas, tratando de corrixir a desigualdade social, reforzando a estima da lingua galega, promovendo unha visión moderna e útil en todos os ámbitos.
- Mellorar e potenciar o uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro.
- Propiciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos de información, lectura, aprendizaxe e divertimento empregando como lingua vehicular o idioma galego.
- Familiarizar ao alumando coa lectura en lingua galega.
- Integrar o galego no uso das TIC e das TAC.
- Fomentar no alumnado a motivación por coñecer, respectar e valorar a cultura propia, animando á súa participación.

- Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houber.
- Aumentar o uso da lingua galega por parte do alumnado dentro da aula e animar ao alumnado galego falante a utilizar a súa lingua materna na contorna da escola.

## 5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA

---

### 5.1. EDUCACIÓN INFANTIL

---

A lingua materna do alumnado da etapa de Educación Infantil é o castelán. Sen embargo, consideramos prioritario nestes intres que o galego se converta no idioma vehicular dentro e fóra da escola, polo cal o profesorado usará na aula o galego, tendo en conta a lingua predominante entre o alumnado e procurando que adquiren o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia.

En canto a lingua inglesa, será introducida en toda a etapa de infantil cunha sesión semanal de unha sesión.

### 5.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

---

No relativo á Educación Primaria, garantirase a adquisición da competencia lingüística propia de cada etapa ou nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. O seguinte cadro reflicte o reparto das linguas de cada área para cada nivel. No reparto buscamos o equilibrio sinalado no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* (art. 6.4).

PRIMARIA	1º EP		2º EP		3º EP		4º EP		5º EP		6º EP	
	S	LI	S	LI	S	LI	S	LI	S	LI	S	LI
MATERIA												
CIENCIAS NATURAIS	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G
CIENCIAS SOCIAIS	4	G	3	G	4	G	3	G	3	G	4	G
EF	3	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G
LINGUA CASTELA	5	C	5	C	5	C	5	C	5	C	4	C
1ª LINGUA ESTRANXEIRA	2	I	2	I	3	I	3	I	3	I	3	I
LIGUA GALEGA	5	G	5	G	5	G	5	G	5	G	4	G
MATEMÁTICAS	6	C	6	C	5	C	5	C	6	C	6	C
MÚSICA	1	C	1	C	1	C	1	C	1	C	1	C
PLÁSTICA	1	C	2	G	2	I	2	I	2	I	2	I
RELIXIÓN/VALORES ÉTICOS	1	C	2	C	1	C	1	C	1	C	1	C
LIBRE CONFIGURACIÓN							1	G			1	G
CASTELÁN (%)	46%		46%		40%		40%		43%		40%	
GALEGO (%)	46%		46%		43%		43%		40%		43%	
INGLÉS (%)	8%		8%		17%		17%		17%		17%	

S: sesións (45')

LI: lingua

## 6. EXENCIONES

### 6.1. PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/14)

Para o procedemento de solicitude, mencionamos literalmente a *Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, con relación á exención da materia de lingua galega, artigo 5:

*1. A solicitude da exención da materia de lingua galega deberá presentarse en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para o que se utilizará o formulario normalizado que figura como anexo desta orde, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.es>. A referida solicitude irá asinada polo alumno ou pola alumna solicitante, polo seu pai/nai/titor/titora ou pola persoa que teña a súa representación legal, se é menor de idade, e nela expoñeranse as razóns polas que se*



*solicita a exención. No caso de que se envíe por correo, leste deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario, para garantir que a data de remisión é anterior ao final do prazo de presentación da solicitude.*

*2. A solicitude dirixirase á persoa titular da Dirección do centro docente onde o alumno ou a alumna curse os seus estudos.*

*3. No caso de que a persoa solicitante ou a persoa que a represente non preste o seu consentimento para a comprobación dos datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do departamento ministerial competente, no modelo normalizado da solicitude conforme ao previsto no anexo da presente orde, deberá achegar a copia do documento de identidade correspondente.*

*4. Se a solicitude é presentada por algunha das persoas proxenitoras do menor ou da menor solicitante, xunto coa solicitude presentarase o documento acreditativo da representación alegada.*

*5. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares, conforme ao previsto no artigo 3 da presente orde.*

## 6.2. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS

---

Para aquel alumnado que, polo motivo que sexa, non teña un suficiente dominio das linguas nas que se imparten as materias da Educación Primaria, o centro disporá os medios necesarios para levar a cabo unha serie de medidas orientadas a que este alumnado aproveite as correspondentes ensinanzas:

- Orientacións individuais.
- Preparación de vocabularios para cada área curricular tomando como referencia a lingua que o neno ou nena mellor coñece, sexa galego ou castelán.
- Elaboración de vocabularios temáticos bilingües ou mesmo trilingües.
- Elaboración de frases e textos nos que se inclúan aquelas palabras con maior dificultade.
- Fomentar e animar á lectura de textos de menor a maior dificultade na lingua con menor dominio.
- Animar e orientar cara a utilización oral desa lingua.

- Uso de abundantes apoios visuais tanto fixos (fotografías, debuxos e carteis) como en movemento (películas e televisión).

- Facilitar conversas entre o alumnado.

- Relación constante entre os aspectos comúns das dúas linguas cooficiais.

### 6.3. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN.

---

#### 6.3.1. ALUMNADO PROCEDENTE DOUTROS CONTORNOS CULTURAI

---

Cando chega ao centro alumnado procedente doutro contorno cultural, tratarase de facilitar a súa integración no centro e na clase. Para acadar este obxectivo levaranse a cabo actuacións como as que seguen:

- Facilitar información á familia sobre o colexio.

- Realizar actividades (durante os primeiros días de clase), para potenciar o coñecemento mutuo entre o alumnado recentemente chegado e os seus compañeiros e compañeiras.

- Dar a coñecer o funcionamento do centro para unha mellor adaptación.

- O titor ou titora será o encargado da inclusión do novo alumnado, tanto na aula coma no recreo.

Para o alumnado que chega dende outro entorno cultural e educativo, é moi importante que sinta que se valoran os seus sinais de identidade. Se queremos que se integre no novo centro non debemos rachar co seu pasado. Para iso será preciso realizar actividades que fagan referencia á súa contorna de orixe, tanto de tipo familiar coma cultural e da lingua propia.

Para coñecer as distintas culturas que se dan no centro, debemos tratar de equiparalas coa nosa e expor actividades que favorezan un enfoque intercultural:

- Busca de información sobre o país de orixe do alumnado.

- Obradoiros nos que se traballen as diferentes culturas presentes no centro.

- Representación das diferentes culturas nas celebracións da escola.

Nun primeiro contacto coa familia (que pode ser no momento da formalización da matrícula), proporcionaráselle información sobre o sistema educativo e datos sobre a localidade.

Esta información ten que ser significativa para a familia, polo que se tratará de proporcionarlle no idioma propio da mesma. De non ser posible será facilitada nunha posterior cita, unha vez traducida.

O alumnado será adscrito no nivel que lle corresponda por idade. Nas dúas primeiras semanas valorarase, por parte do titor ou titora e do orientador ou orientadora, o desempeño curricular do mesmo así como a súa competencia lingüística. Tamén se valorará a súa inclusión no grupo que lle corresponde por idade. Nunha posterior xuntanza do equipo docente determinarase as medidas pertinentes, de ser o caso.

Se fose preciso, adscribiríase ao alumno ou alumna nun nivel diferente ao asignado por idade. Con esta medida, o que se pretende é dar unha mellor resposta ás súas necesidades educativas. Esta nova adscrición sempre será un ou dous niveis por debaixo do que lle corresponde por idade (*orde do 20 de febreiro de 2004*).

---

### 6.3.2. ALUMNADO CON E SEN IDIOMA COMÚN.

---

#### **a) Alumnado con un idioma común**

O alumnado que chega ao colexio coñecendo o castelán terá unha lingua común que lle facilitará a comunicación co resto de compañeiros e compañeiras así como o seguimento das clases.

Se a escolarización se produce en Educación Infantil, non se establecerá ningún tipo de medida diferenciadora con respecto ao tratamento lingüístico.

No caso de producirse en Educación Primaria, diferenciamos dous grupos:

#### **- 1º e 2º de Educación Primaria:**

O traballo de alfabetización realizarase en castelán. Introducirase o galego mediante pequenos textos e traballo de vocabulario.

#### **- 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria:**

Empregarase o galego nas áreas que se imparten nesta lingua (segundo *decreto 79/2010, do 20 de maio*). Pola contra, nas explicacións individuais a este alumnado, empregárase o castelán. Tamén se lles facilitarán os textos en castelán.

As sesións de lingua galega serán empregadas para a introdución deste idioma, seguindo as fases de aprendizaxe dunha lingua: escoitar, falar, ler, escribir e reflexionar sobre ela.

Ademais, faranse recomendacións á familia, como poden ser:

- Relación do neno ou nena con outros compañeiros e compañeiras fóra do horario lectivo para que se produzan intercambios comunicativos en galego.

- Emprego de recursos para ver, escoitar, ler e xogar, como poden ser:

- Recursos de O PORTAL DA LINGUA, da Xunta de Galicia:

- <http://www.lingua.gal/recursos/para-medrar-en-galego>

- Recursos da USC para todas as idades:

- <http://www.usc.es/gl/proxectos/proxectate/recursoseducativos.html>

- Recursos para Educación Infantil ALÍ:

- <http://aliali.fabaloba.com/>

- Recursos da Coordinadora galega de equipos de normalización e dinamización lingüística:

- [http://www.coordinadoraendl.org/limiar.php?pax=rec\\_base.php](http://www.coordinadoraendl.org/limiar.php?pax=rec_base.php)

## **b) Alumnado sen ningún idioma común.**

Cando ao centro chega alumnado que non coñece ningunha das nosas linguas oficiais temos que facer o posible por eliminar as barreiras de comunicación, facilitando así o proceso de integración. Será prioritario levar a cabo un proceso de inmersión lingüística seguindo as fases de aprendizaxe dunha lingua.

Se fose preciso teríamos que formar grupos de adquisición das linguas, regulados na *orde do 20 de febreiro de 2004*, pola que se establecen as medidas de atención ao alumnado procedente do estranxeiro.

Estes grupos teñen como finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial nas linguas vehiculares de ensinanza, de maneira que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se encontre escolarizado o alumno ou alumna.

Esta medida está dirixida, polo tanto, ao alumnado que descoñeza completamente as dúas linguas oficiais de Galicia.

O descoñecemento das linguas oficiais dificulta o proceso de ensinanza-aprendizaxe, o que pode provocar, ou incrementar, o desfase curricular que presenta este alumnado. De ser o caso, teríamos que recorrer aos grupos de adaptación da competencia curricular regulados pola mesma orde que os de adquisición das linguas.

Trátase de agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso do alumnado na súa competencia curricular, de maneira que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se encontre escolarizado.

Esta medida está dirixida ao alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería por idade. Estes grupos só se poderán organizar no 3º, 4º, 5º e 6º curso da Educación Primaria.

---

### 6.3.3. PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL (PELO) EN E. INFANTIL.

---

A etapa de Educación Infantil é un momento crucial para o desenvolvemento e expansión da linguaxe oral. Por iso, cremos necesario a prevención e a compensación das posibles dificultades que poden incidir na evolución infantil, xa que o desenvolvemento global das capacidades do suxeito depende, en boa medida, da capacidade lingüística e de comunicación.

Partimos do suposto de que nestes primeiros anos, a intervención no ámbito da linguaxe permite conseguir mellores resultados e dá lugar a un progreso que quizais non se podería conseguir en estadios posteriores.

Este programa ten como finalidades o desenvolvemento da linguaxe e a prevención de dificultades, reforzando unha serie de habilidades e aptitudes que entran en xogo na adquisición da lectura e da escritura e previndo posibles déficits nesta área.

#### Obxectivos xerais

- Estimular a fala e ofrecer bos modelos a imitar.
- Favorecer o uso funcional da linguaxe oral, como instrumento de comunicación e de representación,

- Crear e estimular o desenvolvemento de situacións de comunicación, respectando as normas propias da comunicación e empregando sempre o xogo e o conto como estratexia lúdica e creativa da linguaxe.

- Favorecer, mediante situación diversas, os diferentes usos da linguaxe, de xeito que se desenvolvan as principais habilidades e funcións lingüísticas.

#### Obxectivos específicos

- Facilitar o ton axeitado daqueles órganos que interveñen na fonación.
- Concienciar ao neno ou nena da importancia que ten a hixiene nasal na respiración.
- Conseguir a axeitada intensidade, control e direccionalidade no sopro.
- Desenvolver a motricidade fina que afecta aos órganos da articulación de forma que, o alumno ou alumna poida adquirir a axilidade e coordinación necesarias para falar dunha forma correcta.

- Discriminar sons, fonemas e palabras.
- Acadar o desenvolvemento dun sistema fonolóxico axeitado á súa idade.
- Estimular o pracer de comunicar por medio da palabra, nos distintos ambientes nos que se desenvolve o alumnado.
- Ampliar o vocabulario do alumnado.

O programa de estimulación temperá será desenvolvido polas mestras titoras e reforzada pola mestra de apoio á Educación Infantil.

## 7. PROCEDEMENTOS QUE ASEGURAN QUE O ALUMNADO ACADA A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA PROPIA DO NIVEL EN AMBAS AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS

---

---

Estas son algunhas das estratexias empregadas para que o alumnado adquira as dúas linguas oficiais:

- Nas aulas de infantil predomina o castelán como lingua materna do alumnado. Atenderase de xeito individualizado a aqueles nenos e nenas que teñan como lingua materna o galego. Esta lingua introducirase a través de contos, poesías, trabalinguas, cancións, vídeos e textos diversos

que sexan significativos para o alumnado. Ademais, usaremos a lingua galega para comunicarnos co alumnado e fomentaremos o seu uso durante os faladoiros.

- A iniciación da lecto-escritura parte do máis próximo ao alumnado para pasar a crear os seus propios textos, carteis, notas, etc. Desta maneira descubrirán o carácter instrumental da lingua.

- Fomentar o uso da biblioteca, tanto para a lectura como para a consulta. Todos os grupos de alumnos e alumnas teñen fixado no seu horario semanal unha sesión de biblioteca. Ademais, nos recreos poden acudir de xeito voluntario a ler, xa que a biblioteca sempre estará atendida polo profesorado. Tamén, en cada nivel se establece o “tempo de ler” no que os alumnos e alumnas manipulan, escoitan ou leen libros. Este tempo ten unha duración variable en función das necesidades do grupo. A biblioteca permanece aberta ao alumnado en horario de 16:00 a 18:00 horas, con servizo de empréstimo e coa participación de todo o equipo docente. Todos os fondos estarán dispoñibles para empréstimo e o alumnado poderá elixir o idioma dos libros que escolla para a lectura persoal.

- Potenciar dende o claustro o labor do equipo de normalización e dinamización lingüística, colaborando na realización das tarefas propostas polo mesmo.

- Fomentar a compra de libros e materiais didácticos en galego.

- Erradicar o emprego sexista das linguas galega e castelá.

- Usar o galego como lingua vehicular nas relacións entres os distintos membros da comunidade educativa (mestres-alumnado-familias), nas relacións coas administracións e con distintas entidades (tanto públicas coma privadas), de Galicia. Asemade, os distintos documentos do centro redactaranse en galego.

- Fomentar o uso do galego como lingua de prestixio e moderna, transmisora de costumes e de coñecemento e facendo ver ao alumnado a súa utilidade.

- Realizar exposicións, a nivel de centro, de traballos significativos para o alumnado, así como charlas, obras de teatro, etc.

- Potenciar, a través da realización de proxectos anuais, as distintas linguas e culturas que forman parte da comunidade escolar.

- Fomentar que o alumnado, na escola, se comunique en galego de xeito espontáneo, dirixíndonos a eles neste idioma no tempo de lecer.

- Utilizar vocabulario específico en galego nas diferentes especialidades, enriquecendo, deste xeito, o vocabulario en galego do alumnado.

## 8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

---

### 8.1. COMPOSICIÓN

---

#### **- Profesorado:**

Este curso escolar a metade do claustro do profesorado formará parte do EDL:

- Rosales López, Sergio (coordinador e titor de 6º de EP).
- Castro Nine, María (mestra de Educación Física).
- Cornado Vidueiros, María Luz (mestra de 5º de EP).
- Galego Carmoega, María Esther (orientadora).
- Méndez Arosa, Cristina (mestra de EI).
- Pedreira Currás, Marta (mestra de 2º EP).
- Temes Chao, Cristina (mestra de EI).
- Varela Martínez, M.<sup>a</sup> Milagros (mestra de Pedagogía Terapéutica).

### 8.2. FUNCIONES

---

#### **- Coordinador/a**

- a) Realizar reunións de coordinación cos docentes que formen parte do equipo.
- b) Enviar as convocatorias de reunión e levantar acta dos temas tratados e dos acordos adoptados.
- c) Redactar o proxecto lingüístico do centro.
- d) Elaborar as enquisas de valoración da lingua maioritaria do centro. Identificar as necesidades do mesmo.



e) Coordinar as actividades propostas cos outros grupos de traballo do centro: biblioteca, equipo de actividades extraescolares, equipo de convivencia, equipo de ecoloxía...

### **- Equipo**

O equipo de dinamización lingüística traballará e colaborará en todos os puntos anteriormente sinalados e farán as debidas aportacións.

## 9. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

---

---

Para a consecución dos obxectivos anteriormente citados, desenvolveranse as seguintes actividades, organizando e promovendo a participación de todos os membros da comunidade educativa nelas:

- Elaboración dunha revista dixital. Na mesma, o alumnado recolle o máis significativo para eles e elas ao longo do curso: saídas escolares, charlas, teatro... así como traballos de creación propia.
- Elaboración de boletíns informativos.
- Emprego da lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web, blogs...
- Recuperación de xogos populares.
- Fomento do uso da lingua nas TIC e nas TAC.
- Investigar, recompilar e expoñer traballos sobre lendas, tradicións, supersticións, refráns, adiviñas, coplas e cantigas tradicionais... e outras manifestacións culturais, sobre todo de tradición oral.
- Elaboración de marcapáxinas por parte do alumnado (para eles e elas e para regalar), con ilustracións e comentarios en galego.
- O Equipo de Dinamización Lingüística colaborará co equipo da Biblioteca:
  - nas actividades de animación á lectura.
  - na elaboración dun boletín de asesoramento sobre literatura infantil, recomendando libros axeitados para cada idade.

- no fomento das visitas ao centro de escritores/as galegos/as, ilustradores/as, contacontos...
  - na facilitación da asistencia ao colexio de persoeiros relevantes da escea pública, que promovan a lingua e cultura galegas.
  - na realización de actividades de contacontos, por parte do propio alumnado ou da súa familia (nai, pai, avó/a,...).
- Sección bilingüe galego/inglés nalgunha das nosas celebracións que teñan o seu equivalente na cultura británica.
  - Colaboración coas actividades do Informadeiro.
  - Conmemoracións e celebracións arraigadas no noso centro, como poden ser: Samaín, agosto, día da Paz, festival de entroido, semana das Letras Galegas, etc.
  - Dar a coñecer grupos musicais que canten en galego.
  - Buscar medios audiovisuais (películas, documentais, anuncios...) en galego.
  - Dispoñer na biblioteca do centro de dicionarios e dicionarios visuais para os máis pequenos, nos que o alumnado poda consultar dúbidas sobre o vocabulario ou aprender palabras novas.

## 10. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE)

---

Cada situación deberá ser analizada e tratada singularmente, tomando as medidas axeitadas unha vez que se teña estudado cada unha. Mais, xeneralizando, cada titoría establecerá o alumnado que necesita apoio ou reforzo segundo as súas necesidades específicas de apoio educativo (NEAE):

- Necesidades educativas especiais (NEE).
- Dificultades específicas de aprendizaxe.
- Altas capacidades intelectuais.
- Incorporación tardía ao sistema educativo.
- Condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables.

Este alumnado será valorado polo Departamento de Orientación, que avaliará e propondrá as medidas axeitadas para establecer o tipo de apoio ou reforzo preciso.

- Entre elas pódense citar as seguintes:
- Inmersión lingüística.
- Actividades individuais de lecto-escritura.
- Actividades de reforzo segundo a dificultade lingüística detectada.
- Inclusión en grupo de adquisición de linguas.
- Colaboración coas familias.
- Adaptacións metodolóxicas e organizativas.

## 11. AVALIACIÓN

---

Segundo o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, no ensino non universitario de Galicia*, o proxecto lingüístico será aprobado e avaliado polo Consello escolar (art. 14).

Ao longo do curso escolar farase un seguimento do Proxecto Lingüístico do centro para comprobar as deficiencias detectadas e promover as melloras que procedan. Todos estes datos recolleranse na memoria anual que se elaborará no mes de xuño. Esta memoria, elaborada polo EDLG, achegarase á memoria anual do centro.

Para a avaliación do proxecto teranse en conta os seguintes criterios:

- Adecuación do proxecto lingüístico de centro ás necesidades reais dos destinatarios.
- Adecuación dos obxectivos previstos aos logros acadados.
- Adecuación das actividades programadas.
- Adecuación dos recursos dispoñibles.
- Grao de participación da comunidade educativa nas actividades realizadas.

Este proxecto terá unha vixencia de 4 anos. Con carácter anual revisarase a través dunha adenda anual ao proxecto lingüístico.

San Miguel de Deiro, 12 de novembro de 2019